

O BARCO



DE VAPOR

María Menéndez-Ponte

0 aniversario de Pupi

Ilustracións de Javier Andrada



Dirección editorial: Elsa Aguiar
Coordinación editorial: Paloma Muiña
Tradución: Rinoceronte Servizos Editoriais

© do texto: María Menéndez-Ponte, 2009
© das ilustracións: Javier Andrada, 2009
© Xerme Edicións, 2012
Rúa Anduriña, 1
36205 Vigo (Pontevedra)
www.grupo-sm.com

ATENCIÓN AO CLIENTE

Tel.: 902 121 323

Fax: 902 241 222

e-mail: clientes@grupo-sm.com

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*A Diego,
que ten grandes ideas
como Pupi.*

*E a Ignacio,
que vai ser
un gran aventureiro.*

Desde hai un tempo,
Pupi ten unha preocupación.
Por que todos os nenos
celebran o aniversario menos el?

A Pupi encantaríalle que a profe
lle puxese a coroa de papel
como a todos os demais.





E poder levar caramelos ao cole.
E facer unha festa.
E soprar as candeas da torta.
E que lle canten *Parabéns para ti...*

Coque celebrou o seu hai pouco
nunha hamburguesaría,
con pallasos e todo.







Así que chega ao parque,
pregúntalle a Coque
que hai que facer
para ter un aniversario.
Pero a súa resposta déixao
completamente abatido:


–Ti non podes celebralo.

O botón de Pupi vólvese
tan gris coma o ceo.

–E por que non podo?

–Pois porque non tes anos.

Ha, ha, ha...



Pero Pupi non se dá tan facilmente
por vencido.

–E onde podo conseguilos?

Coque esmendréllese coa risa,
asustando os pardais
que peteiran as migallas
dos bocadillos.

Pupi non entende
de que ri o seu amigo.

